

BASES XERAIS DE OCIOLEIROS 2016

1. A finalidade deste programa é fundamentalmente lúdico, polo que todos os esforzos das persoas participantes deberán dirixirse á diversión e ao entretemento.
2. Todas as persoas participantes teñen que **estar empadroadas no Concello de Oleiros**. Se non cumpren todos os requisitos **non poderán tomar** parte no programa.
3. Poderán participar en **OCIOLEIROS** as persoas maiores de 14 anos, tendo en conta que hai actividades por grupos de idades.
4. **PREINSCRICIÓNS:**

- As preinscricións terán lugar na Fábrica **do 30 de novembro ata o 18 de decembro**.

HORARIO DE PREINSCRICIÓNS: de luns a venres na conserxería

Mañás: de 8.30 a 14.30 horas

Tardes: de 17.00 a 21.30 horas

- Pregamos ler ben as bases e cubrir os datos solicitados na folia de preinscrición. Se tedes algún tipo de dúbida, antes de anotarvos podedes solicitar información da actividade na que queredes participar na conserxería. Na actividade de bailes de salón, as parellas terán que inscribirse individualmente e indicar en ambas fichas o nome da parella de baile.
 - As persoas participantes só poderán preinscribirse en dúas actividades distintas como máximo.
 - As listaxes con todas as persoas preinscritas colgaranse **o 23 de decembro** para a emenda de erros.
5. **INSCRICIÓNS:**
 - Se hai máis demanda que prazas ofertadas nunha actividade, intentarase habilitar novos grupos. De non ser posible, as prazas adxudicaranse por sorteo.
 - **O día do sorteo será o 7 de xaneiro ás 12.00 horas na Fábrica.**
 - **As listaxes de admitidos/as estarán expostas a partir do 11 de xaneiro.**
 - O prazo de inscrición para os admitidos/as será **do 25 de xaneiro ao 2 de febreiro**. Non se considerarán inscritos/as mentres non se realice o pago correspondente da actividade e **se entregue o xustificante na conserxería da Fábrica.**

HORARIO PARA RETIRAR A FOLLA DE PAGAMENTO: de luns a venres na conserxería

Mañás: de 10.00 a 14.30 horas

Tardes: de 18.00 a 20.30 horas

- **O 4 de febreiro** publicaranse as listaxes de admitidos/as nas actividades.
 - **Do 4 ao 10 de febreiro** as persoas preinscritas sen praza nas actividades solicitadas poderán inscribirse en calquera actividade con prazas vacantes.
 - **A partir do día 12 de febreiro calquera veciño/a aínda que non se preinscribise anteriormente poderá solicitar praza nas actividades que dispoñan delas (persoalmente na citada conserxería).**
6. A organización do Concello de Oleiros formará unha comisión supervisora onde se analizarán todas as cuestións ou incidencias que afecten ao normal desenvolvemento das actividades e que o/a responsable de cada sede considere oportuno tratar.
 7. Esta comisión resérvase o dereito de tomar as medidas que considere oportunas para manter o bo funcionamento do programa.
 8. OCIOLEIROS comezará o día **15 de febreiro e rematará logo de ter cumpridas as dezaseis sesións**. Non haberá actividade nas seguintes datas: **Semana Santa do 21 ao 28 de marzo, 1 de maio (Festa do Traballo) e o 17 de maio (Día das Letras Galegas).**
 9. A interpretación das presentes bases deberá facerse atendendo ao **principio de boa fe**.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NA FÁBRICA E NA WEB Tel.: 981 636 598